

Empregos	Importe mensual	
	Pesetas	Euros
Alfárez, Alfárez de Fragata	21.715	130,51
Suboficial Maior	78.590	472,34
Subtenente	63.272	380,27
Brigada	22.962	138,00
Sarxento Primeiro	19.626	117,95
Sarxento	10.691	64,25
Cabo Maior	34.504	207,37
Cabo Primeiro	22.721	136,56
Cabo	12.221	73,45
Soldado con máis de dous anos de servicio	12.220	73,44

ANEXO IV

Retribucións do persoal da escala da Garda Real

Empregos	Soldo		Complemento de destino		C. Específico normalizado	
	Pesetas	Euros	Pesetas	Euros	Pesetas	Euros
Cabo primeiro.	104.017	625,15	45.448	273,15	21.802	131,03
Cabo.	104.017	625,15	38.751	232,90	20.763	124,79
Garda.	104.017	625,15	32.062	192,70	19.958	119,95

(Este real decreto inclúese tendo en conta a corrección de erros publicada no «Boletín Oficial del Estado» número 152, de data 26 de xuño de 2001.)

XEFATURA DO ESTADO

12535 LEI ORGÁNICA 2/2001, do 28 de xuño, sobre composición do Consello Xeral do Poder Xudicial, pola que se modifica a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial. («BOE» 155, do 29-6-2001.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A modernización da xustiza que demanda a sociedade española ten que se cimentar no consenso sobre as bases fundamentais de funcionamento dun dos poderes do Estado, consenso que asegure que o poder xudicial actúa como poder independente, unitario e integrado, rexido por unha coherencia institucional comunmente aceptada que lle permita desenvolver coa máxima eficacia as súas funcións constitucionais.

Iso afecta loxicamente a composición e funcionamento do Consello Xeral do Poder Xudicial, órgano de goberno daquel, sobre a reforma do cal se forxou xa un amplo e fructífero acordo político. Sendo así que para a súa posta en práctica resulta preciso modifica-lo réxime vixente, contido nos artigos 112 a 116 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, propiciase agora a dita modificación, establecéndose un novo procedemento de designación dos vocais do Consello Xeral

do Poder Xudicial, e, concretamente, daqueles que han de ser propostos entre xuíces e maxistrados de tódalas categorías xudiciais, de acordo co prescrito no artigo 122 da Constitución.

Non é esta a única modificación da Lei orgánica do poder xudicial que vai propicia-la posta en marcha da ambiciosa reforma da xustiza que se desexa acometer. Moitos outros aspectos da dita reforma van provocar outros cambios importantes nesta lei orgánica, e, de feito, esta sucesión de textos lexislativos terá que facilitar tamén que o sistema de designación que agora se establece poida perfeccionarse nos seus detalles técnicos no futuro. Considerouse, sen embargo, especialmente oportuno adianta-la regulación contida nesta lei orgánica, dado que o acordo antes mencionado non se traduce tan só na conformación dun novo sistema de designación, senón que incorpora e se nutre do propósito compartido de prestixiar esta institución a tódolos niveis, atendendo, entre outras cousas, con máxima dilixencia a renovación da súa composición no prazo debido e sen as dilacións que no pasado a afectaron negativamente.

Dado que, conforme xa lles foi comunicado ás Cortes Xerais polo presidente do Consello Xeral do Poder Xudicial, está próxima a expiración do mandato do actual Consello, resulta preciso modificar con prontitude este aspecto da lei orgánica para facer efectiva a designación do novo Consello co novo réxime xurídico e no prazo inmediato debido. Este propósito explica tamén que, xunto ó réxime xeral de designación que agora se establece nos novos artigos 112 a 116 da lei orgánica, se previsen algunhas especialidades transitorias que permitan facer efectivo o novo sistema desde esta primeira renovación.

Artigo único.

Dáselles unha nova redacción ós artigos 111 a 116 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, nos termos seguintes:

«Artigo 111.

O Consello Xeral do Poder Xudicial estará integrado polo presidente do Tribunal Supremo, que o presidirá, e por vinte membros nomeados por un período de cinco anos polo Rei, mediante real decreto referendado polo ministro de Xustiza, logo de proposta formulada conforme o disposto no presente capítulo.

Artigo 112.

Os doce membros que consonte o disposto no artigo 122 da Constitución han de integra-lo Consello entre xuíces e maxistrados de tódalas categorías xudiciais serán propostos para o seu nomeamento polo Rei de acordo co seguinte procedemento:

1. Poderán ser propostos os xuíces e maxistrados de tódalas categorías xudiciais que se atopen en servizo activo e non sexan membros do Consello saínte ou presten servizos nos órganos técnicos del.

2. A proposta será formulada ó Rei polo Congreso dos Deputados e o Senado, correspondendo a cada Cámara propoñer seis vocais, por maioría de tres quintos dos seus respectivos membros, entre os presentados ás Cámaras polos xuíces e maxistrados conforme o previsto no número seguinte.

3. Os candidatos serán presentados, ata un máximo do triple dos doce postos que hai que propoñer, polas asociacións profesionais de xuíces e maxistrados ou por un número de xuíces e maxistrados que represente, alomenos, o 2 por cento

de tódolos que se atopen en servizo activo. A determinación do número máximo de candidatos que corresponde presentar a cada asociación e do número máximo de candidatos que poden presentarse coas sinaturas de xuíces e maxistrados axustarase a criterios estrictos de proporcionalidade, de acordo coas seguintes regras:

a) Os trinta e seis candidatos distribuiranse en proporción ó número de afiliados de cada asociación e ó número de non afiliados a ningunha asociación, determinando este último o número máximo de candidatos que poden ser presentados mediante sinaturas doutros xuíces e maxistrados non asociados; todo iso, de acordo cos datos que constan no rexistro constituído no Consello Xeral do Poder Xudicial conforme o previsto no artigo 401 desta lei orgánica e sen que ningún xuíz ou maxistrado poida avalar coa súa sinatura máis dun candidato.

b) No caso de que o número de xuíces e maxistrados presentados co aval de sinaturas suficientes supere o máximo ó que se refire a letra a), só terán a consideración de candidatos os que, ata o dito número máximo, veñan avalados polo maior número de sinaturas. No suposto contrario de que o número de candidatos avalados mediante sinaturas non abonde para cubri-lo número total de trinta e seis, os restantes serán provistos polas asociacións, en proporción ó número de afiliados; para tal efecto e para evitar dilacións, as asociacións incluírán na súa proposta inicial, de forma diferenciada, unha lista complementaria de candidatos.

c) Cada asociación determinará, de acordo co que dispoñan os seus estatutos, o sistema de elección dos candidatos que lle corresponda presentar.

4. Entre os trinta e seis candidatos presentados, conforme o disposto no número anterior, elixíranse en primeiro lugar seis vocais polo Pleno do Congreso dos Deputados, e unha vez elixidos estes seis vocais, o Senado elixirá os outros seis entre os trinta candidatos restantes. Todo iso sen prexuízo do disposto no número 2 do artigo seguinte.

Artigo 113.

1. Os restantes oito membros que igualmente han de integra-lo Consello, elixidos polo Congreso dos Deputados e polo Senado, serán propostos para o seu nomeamento polo Rei entre avogados e outros xuristas de recoñecida competencia con máis de quince anos de exercicio na súa profesión, que non sexan membros do Consello saínte nin presten servizos nos seus órganos técnicos.

2. O Pleno de cada Cámara elixirá catro vocais, por maioría de tres quintos dos seus membros, na mesma sesión en que se proceda á elección dos seis vocais ós que se refire o artigo anterior e inmediatamente a continuación desta.

Artigo 114.

O Consello Xeral do Poder Xudicial renovarase na súa totalidade cada cinco anos, computados desde a data da súa constitución. Para tal efecto, e con seis meses de antelación á expiración do mandato do Consello, o seu presidente dirixirase ós das Cámaras, solicitando que estas procedan á elección dos novos vocais e poñendo no seu coñecemento os datos do escalafón e do Rexistro de asociacións profesionais de xuíces e maxistrados que constan na dita data no Consello, que serán os determinantes para a presentación de candidaturas conforme o disposto no artigo 112.

Artigo 115.

1. A sesión constitutiva do Consello Xeral do Poder Xudicial será presidida polo vocal de maior idade, e celebrarse unha vez nomeados os vinte vocais del, que tomarán posesión do seu cargo presentando xuramento ou promesa ante o Rei.

2. O Consello saínte continuará en funcións ata a toma de posesión do novo Consello.

Artigo 116.

1. O cesamento anticipado dun vocal do Consello Xeral do Poder Xudicial dará lugar á súa substitución. Para tal efecto, o presidente do Consello porá esta circunstancia en coñecemento da Cámara que elixise o vocal cesante, co obxecto de que proceda a efectuar nova proposta por idéntica maioría que a requirida para a elección inicial.

2. O que fose proposto para substituí-lo vocal cesante deberá reuni-los requisitos esixidos para a súa elección, segundo o caso, nos artigos 112 e 113 desta lei orgánica.»

Disposición transitoria única.

Para os efectos de poder realizar de forma inmediata a primeira renovación do Consello Xeral do Poder Xudicial que ha de celebrarse trala entrada en vigor desta lei orgánica, o procedemento previsto no artigo 114 incluído no seu artigo único axustarase, para esta única ocasión, ás seguintes especialidades:

1. As operacións encamiñadas a determina-los trinta e seis candidatos a que se refire o artigo 112 serán realizadas polo presidente do Consello Xeral do Poder Xudicial, aplicando os criterios de distribución contidos no dito artigo e de acordo cos datos existentes no rexistro previsto no artigo 401 da Lei orgánica do poder xudicial o 1 de xuño de 2001.

2. O presidente do Consello Xeral do Poder Xudicial comunicarlles ós presidentes do Congreso dos Deputados e do Senado os nomes dos trinta e seis candidatos non máis tarde do décimo quinto día hábil posterior á entrada en vigor desta lei orgánica, xuntándolle á dita comunicación a relación de méritos profesionais e demais circunstancias que poñan de manifesto o cumprimento por cada candidato dos requisitos constitucionais e legalmente establecidos.

3. As Mesas do Congreso dos Deputados e do Senado, de acordo coas respectivas xuntas de portavoces, adoptarán cantas resolucións sexan precisas para propiciar a elección inmediata dos vocais, suplindo as dúbidas ou carencias que se observen no procedemento ou que deriven da falta de proposta en prazo dos candidatos.

Disposición derogatoria única.

Quedan derogadas cantas outras leis e disposicións se opoñan ó disposto nesta lei orgánica.

Disposición derradeira única.

A presente lei orgánica entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades que cumbran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 28 de xuño de 2001.

JUAN CARLOS R.